

## A FUXIDA

1

Cando chegou a guerra á cidade, Mamá, Papá e mais Nadia tiveron que marchar. Era outono.

2

Subiron no coche ás présas. Mamá e Papá diante, Nadia detrás. Quedaron na casa os xoguetes que tiña: as bonecas, a bicicleta azul e os contos todos. Só Osiño ía con ela.

Desde a fiestra, Nadia mirou a estrada, que era como unha serpe gris e infinda. Deixaron atrás a súa escola, os parques e as rúas que coñecía. Nelas xa non había nada. Nin nenos nos tobogáns, nin froitas nos mercados, nin risos nas bocas das persoas.

- Onde imos, Papá?- preguntou Nadia

3

- Marchamos ao campo á casa da Avoa- respondeu Papá- Alí hai unha horta cunha árbore moi bonita na que poder xogar. E se te portas ben a Avoa fará un biscoito de chocolate para a merenda.

- E regresaremos cedo á nosa casa?- volveu preguntar Nadia

- Si- dixo Papá- Cando caian as primeiras folerpas de neve xa estaremos de volta.

4

E para que Osiño non se inquedase, Nadia díxolle:

-Non te preocupes, Osiño, marchamos ao campo, onde vive a Avoa. A súa casa ten o xardín máis grande do mundo. Está cheo de árbores que teñen flores de todas as cores. E a Avoa fará galletas, tortas, biscoitos e pasteis para o almorzo, para o xantar e para a cea.

E Osiño chiscou o seu ollo de plástico e ficou tranquilo.

5

Quedou lonxe a cidade. Era como unha améndoa gris que estoupaba de fume negro e espeso.

6

Viaxaron todo aquel día, e cando chegaron ao campo, onde estaba a casa da Avoa, xa era de noite. Nadia quedou durmida de seguido baixo as mantas. E Osiño, nos seus brazos, tamén.

7

Pero pasou o tempo e tamén chegou a guerra ao campo. E entón Mamá, Papá, Nadia e a Avoa tiveron que marchar. Era inverno. As primeiras folerpas de neve xa caeran e aínda non regresaran.

8

Subiron nun tren longuíssimo como un verme marrón de cen mil patas. Mamá e Papá ían nun só asento, Nadia e a Avoa noutro. Quedaron na casa a horta e máis a árbore, e tamén a cociña da Avoa que sempre ulía a cousas ricas. Menos mal que Osiño ía con Nadia, no seu colo.

Desde a fiestra, Nadia mirou as vías do tren, que eran como as teclas dun piano. Deixaron atrás o campo, onde xa non había nada. Nin ovellas pacendo, nin nenos nos carreiros, nin festas nas ruelas das aldeas.

- Onde imos?- preguntou Nadia

9

- Marchamos á praia a casa de teu Tío- respondeu Papá- Alí hai un mar azul e algúns días sae o sol e pódese xogar na area. E se te portas ben teu Tío tocará cancións coa súa guitarra para bailar todos xuntos de cando en vez-

E regresaremos cedo á nosa casa?- volveu preguntar Nadia

- Si- dixo Papá- Cando saían as primeiras flores nas árbores xa estaremos de volta.

10

E para que Osiño non se inquedase, Nadia díxolle:

-Non te preocupes, Osiño, marchamos a un lugar no que hai un océano enorme, o meirande do mundo, e é de todos os azuis que existen. Sempre vai sol, así que xogaremos na area ata fartarnos. E o Tío tocará as cancións

máis bonitas coa súa guitarra todos os días.  
E Osiño chiscou o seu ollo de plástico e ficou tranquilo.

11  
Botaron un día enteiro no tren, e despois unha noite longa. Cando chegaron á praia, Nadia estaba tan cansa que non tiña ganas de xogar. E Osiño, nos seus brazos, tampouco.

12  
Pero pasou o tempo e tamén chegou a guerra á praia. E entón Mamá, Papá, Nadia, a Avoa e o Tío tiveron que marchar. Era primavera. As primeiras flores das árbores xa saíran e aínda non regresaran.  
Subiron nun avión enorme como unha nube gris con forma de pomba. Ían todos xuntos. Quedaron na casa o mar e o sol, e tamén a guitarra do Tío, que tornou muda no seu estoxo. Menos mal que Osiño ía con Nadia, no seu colo.

13  
Desde a fiestra, Nadia mirou a liña branca que o avión deixaba no ceo e non soubo dicir como era. Viu o seu país no que xa non había nada. Nada de nada. En ningures.  
- Onde imos?- preguntou Nadia  
- Marchamos a un país diferente, no que non hai guerra.- respondeu Papá  
E regresaremos cedo á nosa casa?- volveu preguntar Nadia  
E entón Papá mirou a Mamá. E Mamá mirou á Avoa. E a Avoa mirou ao Tío. E o Tío volveu mirar a Papá. E Papá contestou:  
-Non, pero faremos outra nova.  
E Mamá engadiu:  
-Unha que teña un xardín fermoso no que xogar todos xuntos.

14  
E a Avoa anunciou:  
- Cunha cociña grande para cociñar tortas e biscoitos para o xantar, o almorzo e máis a cea..

15

E o Tío dixo:

- E mercaremos outra guitarra coa que facer músicas para bailar.

16

Entón Nadia agarrou a Osiño do seu brazo de algodón e murmurou:

-Non te poñas triste. Eu sempre estarei contigo.

E Osiño chiscou o seu ollo de plástico e ficou tranquilo.

BERTA DÁVILA, *A fuxida*, Biblos, 2014.